



Onde Oleiros é Mar

Xeracións unidas polo mar



Un novo colectivo de redeiras no Porto de Lorbé mostra que segue viva o arraigo de Oleiros co mar

O pequeno Porto de Dexo, hoxe en desuso, era o único abrigo natural nos cantos para a seguraza das persoas e embarcacións



Foto: Manuel Fernández



O Porto de Lorbé

O Club de Regatas de Perillo, tres veces campión de España en bateis!



As antigas lanchas achegaban os produtos do mar e da horta necesarios na cidade

- 1 - Extracción actual de algas
- 2 - Bateas de Lorbé
- 3 - Acuicultura
- 4 - Roteiro PRG 29. Costa Norte
- 5 - Paseo Litoral de Mera
- 6 - Escola Municipal de Surf
- 7 - Paseo As Galeras
- 8 - Monumento á xente do mar (Mera)
- 9 - Miradoiro Punta Fleiteira
- 10 - Club de Regatas de Perillo
- 11 - Paseo Marítimo de Sta. Cristina
- 12 - Senda Litoral Santa Cristina-Bastiagueiro-Santa Cruz
- 13 - Parque José Martí



- 1 - Porto de Santa Cruz
- 2 - Porto de Mera
- 3 - Porto de Dexo
- 4 - Porto de Lorbé
- 5 - Embarcadiro de Santa Cristina
- 6 - Embarcadiro da Fábrica

As singularidades da beiramar do concello, o seu abrigo e riqueza, posibilitaron formas de vida vinculadas ao seus recursos. A vida aquí determinouna sempre unha forte relación co mar, como fonte de sustento, lugar de residencia ou entretemento e hoxe tamén para a práctica de deportes náuticos que inundan a paisaxe do verán.

A **ría do Burgo** coa súa riqueza marisqueira deu traballo a milleiros de homes e especialmente mulleres de Oleiros que a pé ou en embarcacións levan séculos extraendo a súa riqueza en forma de berberechos, ameixas fina, babosa, etc. Alí tamén comezaron os primeiros cultivos en bateas experimentais de ostra. Hoxe é en **Lorbé** onde temos o porto galego bateeiro máis setentrional especializado no mexillón e outros cultivos acuículas.

Son menos os veciños que van á marea, ás nasas, ao cerco, ou aos sargazos, pero os vínculos co mar seguen fortes e establecidos a través do lecer e a crecente afección aos diferentes deportes náuticos fortalecidos desde as múltiples entidades deportivas. Entre as máis importantes están a **Escola Municipal de Surf** e o **Club de Regatas de Perillo**, con máis de 40 anos de historia.

Tamén as estruturas mudaron e, entres elas, os embarcadiros, antigos corazóns da mobilidade das mercadorías e persoas coa cidade. Hoxe intégranse nos abondosos paseos litorais que percorren o concello e que permiten gozar da ribeira aos veciños e visitantes.



Videos
Oleiros singular



As estrofas tradicionais chegan a nós como poesía do pobo, anónima e comunitaria, que nos revelan os fortes lazos co mar das anteriores xeracións de oleirenses.

*Din que non teño rendas
para manter a muller
berberechos da pasaxe
que coma cantos quixer.*

...

*Pasei o mar da Marola
moreniña por te ver
Pasei o mar da Marola
a piques de eu morrer.*